



RESOLUCIÓN do 14 de Marzo de 2025, pola que se aproba definitivamente o proxecto de expropiación forzosa, polo procedemento de taxación conxunta, dos bens e dereitos que se precisan ocupar para a execución da ampliación do parque tecnolóxico e loxístico de Vigo.

Asunto:	Proxecto de expropiación para a ampliación do parque tecnolóxico e loxístico de Vigo
Concello:	Vigo
Promotor:	Consortio da Zona Franca de Vigo
Administración expropiante:	Dirección Xeral de estratexia industrial e solo empresarial. Consellería de Economía e Industria

ANTECEDENTES:

Primeiro. O Consello da Xunta de Galicia, mediante Acordo do 17 de abril de 2020 (DOG n.º 99 de 25/05/2020), aprobou de maneira definitiva o Proxecto Sectorial de Ampliación do Parque Tecnolóxico e Loxístico (en diante, PTL) de Vigo. A aprobación deste instrumento urbanístico leva implícita a declaración da utilidade pública e o interese social das obras, instalacións e servizos, a prevalencia dos intereses públicos do proxecto sectorial, así como a necesidade de ocupación para os efectos da expropiación forzosa dos bens e dereitos necesarios para a súa execución tal como establece o art. 85 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o artigo 42 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e de Rehabilitación Urbana.

Segundo. O día 20 de maio de 2021 o Consorcio da Zona Franca de Vigo (en diante, ZFV) presenta para a súa oportuna tramitación o Proxecto de expropiación de bens e dereitos afectados pola "Ampliación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo" redactado pola empresa Calixto Escariz S.L.U. ante o Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS) por ser o órgano competente para a súa tramitación en ese momento.

Terceiro. En virtude da Resolución do 18 de agosto de 2022, o director xeral do IGVS acordou aprobar inicialmente o proxecto de expropiación forzosa, polo procedemento de taxación conxunta, dos bens e dereitos que se precisan ocupar para a execución da ampliación do PTL de Vigo, e sometelo a información pública polo prazo dun mes, mediante inserción de anuncio no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 52, do 15 de marzo de 2023).

Cuarto. A taxación dos bens e dereitos que se precisan ocupar neste expediente notificóuselles individualmente aos que aparecen como os seus respectivos titulares e os titulares catastrais das parcelas afectadas, mediante traslado literal da citada Resolución do 18 de agosto de 2022 e da correspondente folla de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración, para que puidesen formular alegacións no prazo dun mes, contado a partir da data de recepción da



referida notificación, tal e como se sinala no artigo 118.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Igualmente, deuse audiencia ao concello de Vigo e notificóuselle ao Ministerio Fiscal e á Delegación Provincial do Ministerio de Economía e Facenda en Pontevedra.

A dita resolución publicouse por medio de anuncio no Boletín oficial do Estado (BOE núm. 40, do 15 de febreiro de 2025) para os efectos do Artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Quinto. Ademais, o expediente estivo exposto ao dispor das persoas interesadas polo prazo dun mes no Concello de Vigo, nas oficinas da Área Provincial do IGVS en Pontevedra e na páxina web do IGVS <http://igvs.xunta.gal/>. Publicouse un anuncio nun xornal dos de maior circulación na provincia (anuncio publicado no Faro de Vigo do día 18 de setembro de 2024).

Sexto. Elaborouse un informe individualizado sobre cada unha das alegacións presentadas, así como as preceptivas follas de prezo xusto definitivas, presentando o Consorcio da Zona Franca de Vigo en calidade de beneficiario da expropiación o proxecto de expropiación redactado pola empresa Calixto Escariz S.L.U. para proceder á aprobación definitiva.

Sétimo. O expediente foi trasladado á Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial por ser, actualmente, o órgano competente para a súa tramitación. De acordo co Artigo 20 apartado d) do Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, correspóndelle á Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial a adquisición de solo por calquera título, mesmo por expropiación forzosa, dos terreos destinados á formación de reservas de solo, preparación de soares, dotacións e equipamento, para o desenvolvemento e a xestión da política de solo empresarial. En consecuencia, todas as referencias ao IGVS como órgano exprópiante agora deben entenderse feitas á Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial.

Oitavo. O proxecto para aprobación definitiva foi asinado polo representante da administración e polo perito da administración.

Con data 14 de marzo de 2025 a xefa do servizo de planificación e ordenación de solo empresarial emite informe proposta de resolución de aprobación definitiva do proxecto de expropiación forzosa, polo procedemento de taxación conxunta, dos bens e dereitos que se precisan ocupar para a execución da ampliación do PTL de Vigo.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS:

Primeira. O procedemento do expediente expropiatorio iníciase en virtude da aprobación definitiva do Proxecto Sectorial de Ampliación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo. A aprobación deste instrumento urbanístico leva implícita, ademais, a declaración de prevalencia dos intereses públicos do proxecto sectorial, así como a necesidade de ocupación para os



efectos da expropiación forzosa dos bens e dereitos necesarios para a súa execución de conformidade cos artigos 117.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 290.2 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, nos que establecen que a expropiación se aplicará por polígonos completos e abarcará todos os bens e dereitos neles incluídos.

Segunda. De acordo co Artigo 20 apartado g) do Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, correspóndelle á Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial a adquisición de solo por calquera título, mesmo por expropiación forzosa, dos terreos destinados á formación de reservas de solo, preparación de soares, dotacións e equipamento, para o desenvolvemento e a xestión da política de solo empresarial.

Terceira. O artigo 118.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, establece que «emitido informe sobre as alegacións, someterase o expediente á aprobación do órgano municipal ou autonómico que sexa competente. Enténdese que o órgano autonómico competente será a persoa titular da consellaría expropiante.»

De acordo coa Orde do 4 de novembro de 2024 (DOG núm. 217, do 11 de novembro de 2024), sobre delegacións de competencias en diversos órganos da Consellería de Economía e Industria, establécese no seu Artigo 11 Delegacións singulares: «2. Delégase na persoa titular da Dirección Xeral de Estratexia industrial e solo empresarial o exercicio das facultades que, en materia de expropiación forzosa e dentro do seu ámbito competencial, o ordenamento atribúe á persoa titular da consellería expropiatoria, con especial referencia á aprobación dos expedientes expropiatorios correspondentes a proxectos de interese autonómico para parques empresariais. »

Cuarta. Trátase dunha expropiación urbanística e, como tal, regulada na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no Real Decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana e no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 así como na Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

Quinta. O expediente fórmulase polo procedemento de taxación conxunta e de acordo co disposto nos artigos 117 e 118 da Lei 2/2016; 42 e seguintes do Real Decreto legislativo 7/2015; e artigo 290 e seguintes do Decreto 143/2016.

Sexta. Para os efectos de fixación do prezo xusto, o seu pagamento ás persoas propietarias e a ocupación dos predios afectados, confeccionouse o oportuno expediente, de acordo coa normativa previamente citada. Este proxecto de expropiación tramítase polo procedemento de taxación conxunta e ten por obxecto a expropiación pola Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial dos bens e dereitos necesarios para a execución do Proxecto Sectorial de



Ampliación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo, tendo o Consorcio da Zona Franca de Vigo a condición de beneficiario da expropiación.

De conformidade co disposto no número 10 do Artigo 118 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o acordo de aprobación definitiva do expediente de taxación conxunta implica a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectado.

Sétima. O expediente tramitado reúne a documentación relacionada no Artigo 118.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Di así o citado artigo:

“1. Nos supostos do procedemento de taxación conxunta, o expediente conterá os seguintes documentos:

- a) Delimitación do ámbito territorial, cos documentos que o identifiquen en canto a situación, superficie e lindes coa descrición de bens e dereitos afectados e a relación dos seus titulares.
- b) Fixación de prezos coa valoración razoada do solo, segundo a súa cualificación urbanística.
- c) Follas de prezo xusto individualizado de cada predio, nos que se conterá non só o valor do solo, senón tamén o correspondente ás edificacións, obras, instalacións e plantacións.
- d) Follas de prezo xusto que correspondan a outras indemnizacións.

2. O proxecto de expropiación, cos documentos sinalados, será aprobado inicialmente e exposto ao público polo prazo dun mes, para que aquelas persoas que poidan resultar interesadas formulen as observacións e reclamacións que xulguen convenientes, en particular no que atinxe á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos.”

A relación das persoas titulares dos bens e dereitos que se expropian, figuran no anexo desta resolución.

Polo exposto, de acordo co informe proposta óbrante no expediente,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar definitivamente o proxecto de expropiación forzosa polo procedemento de taxación conxunta, dos bens e dereitos necesarios para a execución da ampliación do PTL de Vigo e, consecuentemente, a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados.

O pagamento ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do artigo 52 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, sen prexuízo de que continúe a tramitación do procedemento para a definitiva fixación do prezo xusto en vía administrativa.



Segundo. Ordenar a notificación desta resolución, de xeito individualizado, a todos os que aparezan como titulares de bens ou dereitos que figuran como tales neste expediente de expropiación, ao cal se deberá unir a correspondente folla de prezo xusto definitiva.

Igualmente, deberase notificar esta resolución ao Ministerio Fiscal, para os efectos establecidos no artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, en relación cos propietarios descoñecidos e os non comparecentes no expediente expropiatorio que se aproba, e á Delegación Provincial do Ministerio de Economía e Facenda en Pontevedra, unha vez determinado, con carácter firme, o prezo xusto dos bens e dereitos que se expropian.

Terceiro. Ordenar a publicación desta resolución, así como o seu anexo de relación de bens e dereitos afectados, no *Diario Oficial de Galicia* e no taboleiro de edictos do Concello de Vigo. Así mesmo, publicarase un anuncio no *Boletín Oficial del Estado* a efectos de que sirva de notificación aos propietarios descoñecidos e dos cales se ignore o lugar de notificación ou o medio, ou ben, se intentada esta non se puidese efectuar, de conformidade co establecido no artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Cuarto. Durante o prazo de vinte días, contados desde o seguinte ao da recepción da notificación ou, de ser o caso, da data da publicación no Boletín Oficial del Estado, os interesados poderán manifestar mediante escrito dirixido á Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, a súa desconformidade coa valoración fixada no expediente aprobado, conforme o que dispón o artigo 118.7 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A dita desconformidade presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do procedemento normalizado con código de procedemento PR004A dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal/>, que deberá dirixirse á Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial. Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos medios de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Aqueles suxeitos non obrigados a relacionarse electrónicamente coas administracións públicas, conforme o artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, poderán presentar a súa desconformidade por calquera dos medios recollidos no Artigo 16. 4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

Transcorrido o citado prazo sen que se formule oposición á valoración, entenderase aceptada a que se fixou no acto aprobatorio do expediente e entenderase determinado o prezo xusto definitivamente, de conformidade co artigo 118.8 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Economía e Industria, no prazo dun mes, contado a partir do



día seguinte ao da súa notificación, ou recurso contencioso- administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A conselleira de Economía e industria

P.D. (Orde do 4 de novembro de 2024)

A Directora Xeral de Estratexia industrial e solo empresarial

Margarita Ardao Rodríguez



ANEXO

Relación das persoas titulares dos bens e dereitos que se expropian para a ampliación do PTL de Vigo

Núm. de orde	Referencia catastral	Persoas titulares	Superficie (m2)	Afección
1102	54057A16900575	Novoa Salgueiro, Nicanor	260	Total
1104	54057A16900577	Leiras Fernández, Mónica; Leiras Fernández, Francisco e Leiras Fernández, Vanesa	154	Total
1108	54057A16900581	Figueroa Davila, Isabel	145	Total
1111	54057A16900584	Davila Novoa, Carmen	15	Total
1113	54057A16900586	Barreiro Barros, Gloria	20	Total
1114	54057A16900587	Barreiro Barros, Guadalupe e Rodríguez Álvarez, Rodolfo	20	Total
1115	54057A16900587	Correa Barros, Silvino	55	Total
1116	54057A16900588	Davila Abalde, Concepción	30	Total
1120	54057A16900591	Abalde Comesaña, Patricia	115	Total
1121	54057A16900592	Barreiro Abalde, Sara	236	Total
1124	54057A16900595	Pereira Caetano, Sara e Dos Santos Pereira, Armando – Cónxuxes	40	Total
1127	54057A16800259	Alonso Novoa, Benigno	135	Total
1132	54057A16800281	Correa Gonzalez, Silvino	652	Total
1139	54057A16800280	Estévez Lago, José Luis	502	Total
1140	54057A16800280	Estévez Estévez, Purificación	507	Total
1141	54057A16800273	Correa Barros, Manuela (usuf); Alonso Correa, José Benito e Alonso Correa, Rafael	71	Total
1142	54057A16800275	Figueiroa Salgueiro, María Yolanda	66	Total
1143	54057A16800276	Seijo Abalde, José Benito	206	Total
1145	54057A16800269	Bastos Román, Pedro	205	Total
1146	54057A16800268	Fernández Rodríguez, Manuel	499	Total
1147	54057A16800266	Barreiro Abalde, María	122	Total
1151	54057A16909025	Concello de Vigo	2261	Total
1153	54057A16800244	Muíño	19	Total
1205	54057A16900441	Comunidad hereditaria Villar Alonso, Alba	383	Total



1206	54057A16900442	Abalde Novoa, Aurea	418	Total
1207	54057A16900443	Estévez Estévez, Purificación	417	Total
1208	54057A16900446	Caride Alonso, Pacita	651	Total
1209	54057A16900444	Abalde Novoa, María del Carmen	440	Total
1212	54057A17100502	Abalde Novoa, Aurea	772	Total
1214	54057A17100502	Alonso Freiría, Roberto	752	Total
1215	54057A17100498	Abalde Novoa, Aurea	282	Total
1221	54057A17100496	Fernández Vila, José Carlos; Davila Fernández, Cristina; Fernández Vila Juan Manuel; Fernández Vila Emilio e Carpintería Fernández Vila SL	1002	Total
1301	54057A16900447	Caridade Abalde, María del Rosario	152	Total
1302	54057A16900555	Muíño	220	Total
1304	54057A16900476	Novoa Costas, Soledad	27	Total
1305	54057A17000117	Comesaña Alonso, María; Comesaña Alonso Teodoro; Comesaña Alonso Gabriel; Comesaña Alonso, Anabel	79	Total
1307	54057A17000115	Álvarez Fernández, Josefa	132	Total
1308	54057A17000112	Álvarez Vila, Angustias	132	Total
1312	54057A17000110	Muíño	232	Total
1317	54057A17000216	Hros. Plamira Vila Nieto	274	Total
1318	54057A17000215	Bastos Román, Luisa	198	Total
2101	54057A16800561	Correa Barros, Manuela (Usuf); Alonso Correa José Benito e Alonso Correa Rafael	753	Total
2102	54057A16800560	Fomento	97	Total
2103	54057A16800562	Leirós Davila, Guadalupe	213	Total
2104	54057A16800563	Pequeño Vila, Purificación	290	Total
2106	54057A16800644	Rodríguez Leirós, Carmen	764	Total
2109	54057A16800570	Comesaña Estévez, Leonor	440	Total
2110	54057A16800571	Barros Estévez, Juan	417	Total
2111	54057A16800572	Estévez Casanova, Antonio	813	Total
2112	54057A16800573	Iglesias Posada, Digna	989	Total



2114	54057A16800576	Fernández González, Manuel e Rodríguez Collarte Rosa	1313	Total
2115	54057A16800576	Salgueiro Estévez, Olga	675	Total
2117	54057A16800607	Salgueiro Estévez, Olga	1391	Total
2122	54057A16800614	Novoa Salgueiro, Indalecio	295	Total
2123	54057A16800615	Correa Barros, Manuela (Usuf); Alonso Correa José Benito e Alonso Correa Rafael	662	Total
2125	54057A16800702	Barros Estévez, Juan	940	Total
2130	54057A16800621	Barros Estévez, Juan	360	Total
2131	54057A16800622	Alonso Comesaña, Jesús e Costas Costas Ermita	594	Total
2133	54057A16800624	Pérez Arca, Leopoldo e Fernández González, María Rosa	1029	Total
2202	54057A17100054	Fernández Novoa, Concepción e Novoa Abalde, Beatriz	524	Total
2205	54057A17100058	Piñeiro Rodríguez, Samuel; Piñeiro Rodríguez, Candido Alberto e Piñeiro Rodríguez, Alejandra	546	Total
2206	54057A17100059	Bastero Salgueiro, Ubaldo	620	Total
2207A	54057A17109001	Fomento	62	Total
2210	54057A17100063	Fomento	319	Total
2210A	54057A17109001	Fomento	56	Total
2212	54057A17100111	Comesaña Estévez, Leonor	380	Total
2214	54057A17100066	Barreiro Orge, Consuelo	388	Total
2216	54057A17100109	Orge Costas, José Manuel	416	Total
2218	54057A17100068	Estévez Estévez, Mercedes	254	Total
2219	54057A17100080	Correa Barros, Manuela (Usuf); Alonso Correa José Benito e Alonso Correa Rafael	23	Total
2222	54057A17100153	Barreiro Abalde, María	276	Total
2223	54057A17100153	Barreiro Abalde, Sara	332	Total
2224	54057A17100153	Pérez Alonso, Guillermo	234	Total
2225	54057A17100153	Pérez Vila, José Antonio	244	Total
2226	54057A17100153	Novoa Salgueiro, Indalecio	253	Total



2227		Presa	10	Total
2228	54057A17100085	Herdeiros Domínguez Estévez, Irene (Litigiosa) e Leiros Figueroa Rosario (Litigiosa)	55	Total
2228A	54057A17109001	Fomento	254	Total
2229	54057A17100103	Benavides Vila, Sara	937	Total
2230	54057A17100104	Iglesias Estévez, Carmen	1013	Total
2231	54057A17100105	Leirós Davila, María Enelina	1227	Total
2232	54057A17100106	Benavides Vila, Sara	531	Total
2233	54057A17100107	Fernández Pérez, Fernando; Fernández Pérez José Manuel; Fernández Pérez Alejandro; Fernández Feijoo Manuel (Usuf)	589	Total
2240	54057A17100665	Patrivican Vigo SL	392	Total
2240ARR	54057A17100665	Talleres Vila Rodríguez SL		
2242	54057A17100664	Patrivican Vigo SL	322	Total
2242ARR	54057A17100664	Talleres Vila Rodríguez SL		
2244	54057A17109001	Fomento	3836	Total
2303	54057A17100124	Alonso Costas, María Isabel	211	Total
2304	54057A17100125	Román Vila, Nieves e Piñeiro Costas, José	201	Total
2305	54057A17100125	Davila Abalde, Amparo	252	Total
2309	54057A17100131	Fernández Alonso, Josefa	212	Total
2316	54057A17100284	Bastero Salgueiro, Ubaldo	618	Total
2320	54057A17100283	González Iglesias, Carlos e González Iglesias Paula	445	Total
2321	54057A17100284	Materiales Construcción Fernando Alonso S.L.	446	Total
2323	54057A17100667	Alonso Vila, José Angel e Alonso Vila, Fernando	473	Total
2324	54057A17100280	Peréz Rodríguez, María Cristina	340	Total
2327	54057A17100276	Vila Cardoso, José Manuel	358	Total
2328	54057A17100275	Fernández Vila, Dolores	595	Total
2329	54057A17100278	Comesaña Alonso, María (Usuf) e Alonso Comesaña Fernando	641	Total
2330	54057A17100366	Piñeiro Alonso, Elvira	742	Total



2331	54057A17100367	Abalde Pérez, Manuel	812	Total
2333	54057A17100369	Gómez Romero, Margarita	431	Total
2401	54057A17100371	Pérez Nieto, Eduardo	775	Total
2402	54057A17100372	Comesaña Abalde, Antonio	124	Total
2403	54057A17100372	Costas Abalde, Mercedes	108	Total
2405	54057A17100372	Abalde Fernández, Antonio	121	Total
2406	54057A17100373	Rodríguez Bastos, Engracia	353	Total
2407	54057A17100374	Vila Barros, Purificación	311	Total
2417	54057A17100427	Alonso Correa, José Fernando	460	Total
2419	54057A17100425	Davila Abalde, Concepción	112	Total
2420	54057A17100424	Vila Vila, Marisol	506	Total
2421	54057A17100423	Fernández Pérez, Fernando	487	Total
2423	54057A17100385	Veiga González, Rosa María e Veiga González, Beatriz	185	Total
2424	54057A17100386	Comesaña Estévez, Leonor e Martínez Comesaña, Yolanda	169	Total
2425	54057A17100387	Comesaña Estévez, Mercedes	65	Total
2428	54057A17100269	Da Concepción Barcia, José Manuel	229	Total
2430	54057A17100266	Rodríguez Novoa, Antonio (Litigiosa) e Estévez Costas, Adela (Litigiosa)	105	Total
2431	54057A17100266	Costas Costas, José Luis	97	Total
2432	54057A17100267	Davila Gallo, Mabel Alejandra	246	Total
2433	54057A17100382	Hros. José Pequeño Alonso	352	Total
2434	54057A17100384	Barreiro Orge, Consuelo	160	Total
2436	54057A17100271	González Iglesias, Carlos e González Iglesias Paula	646	Total
2440	54057A17100273	Caride Abalde, María del Rosario	286	Total
2442	54057A17100376	Fernández Novoa, Concepción e Novoa Abalde, Beatriz	860	Total
2502	54057A17100275	Rodríguez Estévez, Estafania	956	Total
2503	54057A17100274	Veloso Novoa, Emilia	831	Total
2505	54057A17100143	González Iglesias, Carlos e González Iglesias Paula	918	Total



2506	54057A17100144	González Iglesias, Carlos e González Iglesias Paula	918	Total
2507	54057A17100145	Villar Estévez, Juan Carlos	749	Total
2508	54057A17100146	Bastero Campos, Fernando; Bastero Campos, Roberto e Campos Fernández Josefa (usuf)	387	Total
2509	54057A17100147	Correa Barros, Manuela (usuf); Alonso Correa José Benito e Alonso Correa, Rafael	384	Total
2511	54057A17100149	Davila Posada, Carlos Javier	683	Total
2514	54057A17100152	Vila Cardoso, José Manuel	995	Total
2519	54057A17100158	Fernández Vila, Concepción	602	Total
2520	54057A17100159	Peréz Rodríguez, María Cristina	902	Total
2521	54057A17100160	Pérez Arca, Leopoldo e Fernández Gonzalez María Rosa	716	Total
2522A	54057A17109001	Fomento	142	Total
2523A	54057A17109001	Fomento	57	Total
2526	54057A17100236	Lago Vilas, Dolores	183	Total
2527	54057A17100671	Nieto Leirós, Eulalia	259	Total
2528	54057A17100257	Vila Nieto, José	436	Total
2532	54057A17100238	Piñeiro Alonso, Elvira	720	Total
2533	54057A17100239	Pérez Vila, Carmen e Fernández Pérez, Rosa	477	Total
2535	54057A17100259	Comesaña Abalde, María Paz e Costas Rodríguez, Rodrigo	241	Total
2536	54057A17100254	Costas Comesaña, Eva María	529	Total

